

SEGUNDA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

O 18 de setembro de 2024 foi aprobado o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O 21 de outubro de 2024 aprobouse a primeira addenda ao devandito plan, para incorporar o Documento de *Compliance* da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería.

Pois ben, de acordo coa proposta de data do 23 de setembro de 2025, resulta procedente, por unha banda, aprobar e incorporar o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

Por outra banda, tendo en conta que a Dirección Xeral de Urbanismo depende directamente da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, segundo o artigo 12 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e que o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, consonte o artigo 3 do devandito decreto, quedan adscritos á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, a dita secretaría xeral asumiu como propios os plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Urbanismo, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o 5 de novembro de 2025.



Así, con esta addenda o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta consellería queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN/INCORPORACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO (DATA)
Secretaría Xeral Técnica	12/09/2024
Dirección Xeral de Urbanismo	05/09/2024
Instituto Galego da Vivenda e Solo	05/09/2024
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, APLU	14/12/2023
A Axencia Galega de Infraestruturas	05/09/2024
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	21/10/2024
Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.	23/09/2025
Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo	05/11/2025

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

A segunda addenda do plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, aprobado o 18 de setembro de 2024, que se insire a continuación.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

María Martínez Allegue

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)





SEGUNDA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	1
3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
4. ANEXOS.....	4
4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	4
4.2 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO.....	4
4.3 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO.....	4
4.4 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.....	4
4.5 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.....	4
4.6 DOCUMENTO DE <i>COMPLIANCE</i> DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.....	4
4.7 PLAN ESPECÍFICO DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A....	4
4.8 COMPROMISO POLO QUE SE ASUMEN COMO PROPIOS OS PLANS ESPECÍFICOS DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO, DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, E DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POLA SECRETARÍA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO.....	4



1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 18 de setembro de 2024 a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, mentres que o 21 de outubro de 2024 aprobouse a primeira addenda ao devandito plan, para incorporar o Documento de *Compliance* da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da consellería.

O presente documento inclúe o plan específico da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., que se incorpora como anexo a esta addenda. Tamén se incorpora como anexo o compromiso da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo de asumir como propios os plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Urbanismo, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (en diante, Decreto 142/2024, do 20 de maio).

Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, esta Consellería configúrase como o órgano superior da da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda,



urbanismo e planificación de infraestruturas, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no dito decreto para cada un dos seus órganos integrantes.

Tamén lle corresponden as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que serán exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- a) A persoa titular da Consellería.
- b) A Secretaría Xeral Técnica.
- c) A Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.
- d) A Dirección Xeral de de Urbanismo.

No artigo 3 adscríbense a esta consellería as seguintes entidades:

- a) O Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- b) A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- c) A Axencia Galega de Infraestruturas.

Así mesmo, queda adscritos á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas os seguintes órganos colexiados:

- a) Xurado de Expropiación de Galicia
- b) A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo

3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e



informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, dada a complexidade da estrutura organizativa ou o número de entidades adscritas a esta consellería, considérase conveniente constituír un comité de integridade que asuma as funcións establecidas para os responsables de integridade e prevención de riscos e adicionalmente actúe como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas do plan da consellería.

Así, neste plan procédese a designar as persoas integrantes do comité de integridade desta Consellería:

- A persoa titular da Vicesecretaría Xeral, a proposta da Secretaría Xeral Técnica.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, a proposta da Dirección Xeral de Urbanismo.
- A persoa titular do Servizo Técnico Xurídico, a proposta do Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- A persoa titular do Servizo de Administración e Xestión, a proposta da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- A persoa titular do Servizo de Apoio Administrativo da Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria, a proposta da Axencia Galega de Infraestruturas.
- A persoa titular da Xerencia, a proposta da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

A este comité correspóndelle as seguintes funcións:

- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses, en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.



- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaría xeral técnica da consellería.

4. ANEXOS

4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

4.2 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO

4.3 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

4.4 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

4.5 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

4.6 DOCUMENTO DE *COMPLIANCE* DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

4.7 PLAN ESPECÍFICO DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A.

4.8 COMPROMISO POLO QUE SE ASUMEN OS PLANS ESPECÍFICOS DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO, DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, E DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POLA SECRETARÍA XERAL DE VIVENDA E URBANISMO

